

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DUN ESTUDO SOBRE: "A INVESTIGACIÓN EDUCATIVA EN GALICIA ENTRE OS ANOS 2015 E 2024"

Santiago de Compostela, na data da última sinatura dixital.

02/05/2024

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, nomeado mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14 de abril), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de acordo coas atribucións que lle confire o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, vixente segundo a disposición transitoria do Decreto 42/2024, do 14 de abril, (en diante Consellería).

Doutra, Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela nomeado mediante o Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG núm. 56, do 22 de marzo) en representación desta, en virtude das facultades que lle confire a Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, por lo que se regulan os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC).

As partes recoñécense reciprocamente e interveñen en función dos seus respectivos cargos, no exercicio das capacidades xurídicas que teñen conferidas para a firma deste convenio e, para tal efecto,

EXPOÑEN:

I. Que o Estatuto de Autonomía de Galicia, na redacción dada pola Lei Orgánica 1/1981, del 6 de abril, no artigo 31 atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia plena da regulación e administración da ensinanza en toda súa extensión, niveles e grados, modalidades e especialidades.

Ademais, mediante o Real Decreto 1754/1987, traspásanse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de Universidades.

II. A Consellería é o departamento da Xunta de Galicia que exerce as competencias en materia de planificación, regulación e administración da educación regulada en toda a

súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades realizando, entre outras funcións, a planificación, execución e avaliación dos programas de formación, perfeccionamento e actualización do profesorado das diferentes áreas e niveis do sistema educativo non universitario, como a promoción de accións e programas de innovación educativa, así como a autorización de programas e proxectos específicos ou experimentais, segundo o disposto no artigo 1 do Decreto 119/2022, do 23 de xuño, (DOG nº 126, 04/07/2022) polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería.

III. Indicar, tamén, que no ámbito da Administración autonómica de Galicia, a Consellería ten atribuídas as competencias e funcións en materia de promoción de proxectos de investigación segundo o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, vixente segundo a disposición transitoria do Decreto 42/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14 de abril).

Para este efecto, co obxectivo de poder actuar en todos os ámbitos sociais, a Consellería debe colaborar, na medida do posible, coas diferentes institucións e entidades que operan dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

IV. A investigación educativa axuda a incrementar o coñecemento e a obter conclusións sobre a realidade, os fenómenos e os feitos observados. Xa que logo, a investigación educativa axuda a analizar a relación que se establece entre os elementos que configuran o éxito nun determinado contexto pedagóxico.

A aplicación da investigación educativa promove a posibilidade de experimentación de novos camiños e correntes educativas nas aulas e no mundo educativo en xeral, asentados no contexto de cada época e nunha aprendizaxe integral e de calidade.

V. Previamente, a toma de decisións a prol da educación e do éxito escolar do alumnado galego a todos os niveis, fai preciso un traballo de investigación que amose a situación da investigación educativa en Galicia, en contextos educativos formais e non formais, tendo en conta as liñas de traballo prevalentes, xunto a persoas e grupos que as empregan e as traducen en procesos e produtos varios, sen esquecer os logros e avances que é posible identificar.

VI. A USC é unha institución especificamente dedicada ao ensino, a investigación e ó desenvolvemento científico e tecnolóxico, e dende finais do século XX e principios do XXI, a USC está a traballar na investigación educativa que se desenvolve en Galicia. Boa mostra diso é o frutífero escrutinio de publicacións previas, do que son claro exemplo as coordinadas e dirixidas polo profesor catedrático da USC Miguel Ángel Santos Rego: Investigación educativa en Galicia (1989-2001) e Investigación educativa en Galicia (2002-2014).

VI. Que a USC está dotada e conta de medios únicos, persoais e materiais capaces de garantir o nivel de calidade óptimo e esixible para a elaboración do estudo sobre: **"A INVESTIGACIÓN EDUCATIVA EN GALICIA ENTRE OS ANOS 2015 E 2024"**.

En consecuencia, a Consellería e a USC manifestan a súa vontade de asinar o presente convenio de colaboración con un fin social específico, e con suxeición ao disposto nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio é contribuír a divulgación da investigación educativa en Galicia coa **elaboración e publicación do estudo: "A INVESTIGACIÓN EDUCATIVA EN GALICIA ENTRE OS ANOS 2015 E 2024"**, que visualizará a realidade educativa neste período e que contribuirá a darlle continuidade a recoñecidas publicacións anteriores.

A Consellería e a USC comparten o interese común de traballar para a difusión e a mellora sostida da calidade da educación e da avaliación educativa, procedendo coa elaboración dun estudo sobre a investigación educativa en Galicia entre os anos 2015-2024, como un ben público para a sociedade e co fin de dar soporte tamén a dinámicas sociais, económicas e culturais conectadas coas que teñen o seu foco nos contextos educativos formais, non formais e informais.

A Consellería, plenamente consciente da necesidade de empregar a investigación para mellorar a calidade do ensino, e dos seus beneficios dentro e fora das aulas, considera esencial contar coa mellor información e coñecemento derivado das accións e programas de investigación educativa desenvoltos en Galicia entre os anos 2015 e 2024.

Os resultados conxuntos desta colaboración plasmaranse nesta publicación de investigación educativa constará de 14 capítulos máis 2 estudos complementarios, un de introdución xeral e outro de conclusións e prospectiva. Os puntos e o detalle do contido do informe será, en liñas xerais, o seguinte:

- PRÓLOGO (a cargo do Sr. Conselleiro)
- Estudo introdutorio sobre o sentido da Investigación Educativa no contexto económico e socio-cultural de Galicia
- Capítulo I: O valor teórico-práctico da investigación educativa en Galicia.
- Capítulo II: A pertinencia de investigar a historia da educación en clave singularmente galega

- Capítulo III: A investigación sobre os métodos para estudar e diagnosticar en educación
- Capítulo IV: A investigación sobre a educación desde a psicoloxía
- Capítulo V: A Educación Social como eixo de coñecemento de especial utilidade na configuración territorial de Galicia
- Capítulo VI: A Diversidade Cultural e a relevancia do seu coñecemento en Galicia
- Capítulo VII: A Didáctica e a Organización Escolar en Galicia. Padróns de investigación xerais e aplicados
- Capítulo VIII: A Tecnoloxía Educativa en Galicia. Qué sabemos e que precisamos saber en tempos de IA?
- Capítulo IX: A investigación sobre a Orientación Educativa e Profesional en Galicia
- Capítulo X: As didácticas específicas en Galicia. O profesorado como centro de interese investigador
- Capítulo XI: A investigación na didáctica da lingua e a literatura
- Capítulo XII: A investigación na didáctica das ciencias sociais
- Capítulo XIII: A investigación na didáctica da matemática e das ciencias experimentais
- Capítulo XIV: A investigación na didáctica da expresión artística, musical e corporal
- Epílogo: A investigación educativa, un eixo estratéxico para o desenvolvemento de Galicia na sociedade do coñecemento

A través da elaboración e publicación deste informe, preténdese outorgar unha maior visibilidade e proxección á investigación educativa en Galicia, dando a coñecer os seus avances e logros, problemáticas, carencias, necesidades, e mesmo fortalezas, en diferentes eidos de coñecemento educativo.

SEGUNDA. Financiamento

Gastos derivados do obxecto do convenio:

1. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional comprométese a financiar: a coordinación xeral, coordinación e autores de capítulos, gasto en material e comunicacións, reunión preparatoria, de seguimento, e final, e a publicación do informe de investigación en forma de libro.

O importe máximo que achegará a Consellería é de trinta mil euros (30.000€) para o período de vixencia do convenio que se financiará con cargo a aplicación orzamentaria 10.06.423A.640.3 do presuposto para o ano 2024 nun pago único

A achega da Consellería será previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas, segundo o previsto na cláusula TERCEIRA. *Xustificación* do presente convenio.

2. A USC comprométese a:

- Achegar os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o idóneo desenvolvemento do obxecto deste convenio.
- Coordinar o envío do informe en forma de libro ás principais Fundacións de interese educativo e Bibliotecas universitarias de Galicia, e resto de España (en número non superior a vinte cinco).
- Presentar publicamente aos medios e á comunidade educativa o informe obxecto do presente convenio.

A achega da USC ten un custo estimado de tres mil euros (3.000€) para o cofinanciamento de parte dos custos asociados ás actuacións desenvolvidas.

TERCEIRA. Xustificación

Para percibir a cantidade máxima sinalada, a USC presentará por vía electrónica a través do formulario *PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado* dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> e dirixido á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa co asunto: "A INVESTIGACIÓN EDUCATIVA EN GALICIA. Convenio USC", con data límite 15 días desde a finalización das actividades obxecto de financiamento e todo caso, sempre antes do 30 novembro de 2024, (cláusula SEGUNDA. Financiamento), a seguinte documentación:

- Certificación que acredite que a publicación e actividades foron realizadas de acordo co establecido neste convenio
- Certificación detallada da realización de gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio: un certificado da persoa responsable da Xerencia da USC ou dos órganos de control que correspondan, que acredite a toma de razón en contabilidade de que se executou o obxecto do convenio e que as achegas das partes cofinanciadoras foron destinadas integramente ao desenvolvemento do obxecto do convenio.

- Informe de resultados das actividades realizadas no marco deste convenio: unha memoria asinada pola persoa investigadora principal do equipo de traballo da USC (ou dos equipos de traballo, de configurarse máis dun) na que se fará constar de forma detallada as accións realizadas, os resultados obtidos e as incidencias máis significativas. No caso de que a acreditación dos custos do convenio das partes asinantes sexa inferior ao importe do convenio, a achega das unidades ou entes cofinanciadores diminuírase na mesma proporción.

Ditas achegas financiarán o custo da realización das actuacións obxecto deste convenio sen que ningunha das partes convenientes obteña ningún lucro.

No caso de que a xustificación sexa por un importe inferior ao custo da actividade (33.000,00 euros), a aportación da Consellería reducirase de xeito proporcional.

CUARTA. Deberes da USC

No presente convenio a USC comprométese a:

- Contar cos medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o idóneo desenvolvemento do obxecto deste convenio.
- Asumir todas as tarefas de coordinación e gastos derivados e necesarios para a elaboración do informe obxecto deste convenio.
- Para a autoría dos capítulos da publicación obxecto desde convenio, por á fronte a persoas de recoñecida experiencia e prestixio no eido do coñecemento educativo, que poderán estar acompañados dun máximo de tres persoas expertas nas correspondentes áreas de traballo.
- Executar, no prazo de vixencia do convenio, a inversión obxecto deste.
- Solicitar á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia as autorizacións preceptivas de calquera modificación que xurda no seu desenvolvemento.
- Elaborar o informe obxecto do presente convenio, e colaborar na súa publicación en forma de libro.
- Coordinar o envío do informe en forma de libro ás principais Fundacións de interese educativo e Bibliotecas universitarias de Galicia, e resto de España (en número non superior a vinte cinco).
- Presentar publicamente aos medios e á comunidade educativa o informe obxecto do presente convenio.
- Cumprir coa obriga, en tempo e forma, de entregar á Consellería a documentación referida na cláusula TERCEIRA deste convenio.

QUINTA. Deberes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Pola súa banda, a Consellería comprométese a realizar as seguintes actuacións:

- Apoiar e difundir a elaboración e publicación do estudo: "A INVESTIGACIÓN EDUCATIVA EN GALICIA ENTRE OS ANOS 2015 E 2024"
- Cumprir coas obrigas asumidas no presente convenio.

SEXTA. Comisión de coordinación, seguimento e avaliación

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de coordinación, seguimento e avaliación composta por dous representantes de cada unha das partes asinantes, presidida pola directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.

As funcións da comisión serán as seguintes:

1. Impulsar e apoiar a elaboración e publicación da "A INVESTIGACIÓN EDUCATIVA EN GALICIA ENTRE OS ANOS 2015 E 2024"
2. Velar conxuntamente polo correcto funcionamento das actuacións obxecto deste convenio.
3. A avaliación das actuacións, unha vez finalizadas.

O réxime xurídico desta comisión será o establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para os órganos colexiados.

SÉTIMA. Vixencia, modificacións e resolución.

1. Este convenio estará vixente dende a data en que sexa asinado ata o 31 de decembro de 2024.
2. O convenio poderá ser prorrogado de maneira expresa mediante a firma da correspondente addenda, cos límites establecidos no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, salvo que sexa denunciado por escrito por algunha das partes, cun mes de antelación polo menos, por incumprimento dos compromisos que nel recóllense.
3. No caso de que se leve a cabo a prórroga establecida no punto anterior, con carácter previo deberá obterse a autorización previa do Consello da Xunta

conforme ao previsto na Disposición Adicional Segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

4. No caso de que dita modificación se refira ó período de vixencia do convenio, aplicarase o establecido no punto 7.1 deste convenio.
5. As partes poderán subscribir addendas ao presente convenio, dentro dos límites establecidos nos puntos 7.1, 7.2 e 7.3.
6. Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico: "Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución."

Serán causas de resolución do presente convenio:

- a) Por vontade de calquera das partes mediante un escrito con preaviso de 30 días.
- b) Por vontade de calquera das partes por incumprimento da outra, total ou parcial, dalgún dos seus puntos establecidos no presente convenio, con preaviso escrito de 30 días.
- c) Transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.
- d) Mutuo acordo entre as partes para a resolución do convenio.
- e) Transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se acordase a súa prórroga.
- f) Por imposibilidade sobrevida manifestada por calquera das partes, previa xustificación do motivo que a provoca.
- g) A decisión xudicial declaratoria da súa nulidade.

En caso de resolución do convenio, as partes quedan obrigadas ao cumprimento dos seus respectivos compromisos ata a data na que a resolución deba surtir efecto.

OITAVA. Inexistencia de Relación Laboral

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Consellería, de tal maneira que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

NOVENA. Forma de pago

O pagamento da Consellería será realizado mediante un pago único na conta bancaria que sinala a USC mediante certificado acreditativo da súa titularidade e tras a comprobación por parte da Consellería da documentación xustificativa aportada pola USC, cláusula TERCEIRA do presente convenio.

Antes do remate de período de xustificación e de forma previa ao pagamento pola Consellería, a USC e deberá presentar:

1. Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda e Administración Pública.
2. Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Función Pública.
3. Un certificado de estar ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor (SXPL) para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

DÉCIMA. Difusión

As institucións asinantes do presente convenio deberán dar publicidade ao mesmo mediante a súa difusión ou divulgación a través dos medios de comunicación, inserindo neles os anagramas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e da USC, cando teñan un soporte gráfico, e facendo mención ás mesmas, cando teñan un soporte sonoro, establecidas na normativa de imaxe corporativa de cada unha das entidades.

Nas actuacións informativas e divulgativas, así como nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio, farase constar nun lugar destacado a colaboración das partes asinantes e utilizaranse, os anagramas ou logos que correspondan, segundo o previsto pola normativa de identidade corporativa da Xunta de Galicia e da USC, respectivamente.

As partes autorízanse mutuamente a permitir o uso dos seus respectivos logotipos nas actividades recollidas neste convenio tendo en conta as pautas establecidas na normativa de imaxe corporativa de cada unha das entidades. En concreto a da Xunta de Galicia é a contida no Decreto 112/2021, do 22 de xullo polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 146 do 2 de agosto de 2021).

DÉCIMO PRIMEIRA. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991, así como no disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaranse os principios recolleitos na citada lei, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

DÉCIMO SEGUNDA. Cláusula de protección de datos persoais

Ambas as partes comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a formalización e o desenvolvemento adecuados deste, e con base no disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

DÉCIMO TERCEIRA.- Dereitos sobre a información e titularidade dos resultados. Difusión da colaboración das partes.

Os resultados froito deste convenio, publicacións e demais material obtido, serán de titularidade e uso común da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e da Universidade de Santiago de Compostela. Os resultados quedarán para futuras edicións e as partes poderán utilizalos nun futuro indistintamente.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

E, como proba de conformidade, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades
e Formación Profesional

Reitor da Universidade de Santiago de
Compostela

Román Rodríguez González

Antonio López Díaz